



REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE DENA.

O Mercado de Abasto de Dena carece dunha regulamentación municipal específica na que se determine a súa organización e funcionamento.

A reforma e acondicionamento do mercado municipal, co próximo retorno dos concesionarios a estas novas instalacións, aconsella aprobar un Regulamento municipal no que se estableza o réxime xurídico así como a organización e funcionamento deste servizo.

Xustificada a conveniencia e a oportunidade de exercer as potestades municipais de autoorganización e regulamentaria, mediante a aprobación dun Regulamento Municipal, éste tamén establece unhas normas transitorias coa finalidade de garantir o retorno, con certa estabilidade, dos actuais concesionarios recoñecéndolle o dereito a optar pola transformación da actual concesión provisional nunha concesión definitiva.

En consecuencia, o Concello de Meaño en uso das potestades regulamentaria e de autoorganización que ten atribuídas en virtude do artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en exercicio das competencias conferidas polo artigo 25.2.g) e polo artigo 26.1.b) do mesmo corpo legal, que obriga ó Concello a prestar, en todo caso, o servizo de mercado, e, de conformidade co artigo 49 da Lei, apróbase o Regulamento municipal do mercado de abastos de Dena do Concello de Meaño.

CAPÍTULO I RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1. FINALIDADE DO REGULAMENTO.

O presente Regulamento ten por obxecto establecer o réxime xurídico da organización, actividade e funcionamento do Mercado municipal de Abastos, promovido e construído polo Concello de Meaño para a prestación dos servizo de Mercado de Abastos en exercicio das competencias conferidas ó Concello polos artigos 25.2.g) e 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 2. TÍTULO HABILITANTE.

O Concello de Meaño ven obrigado a prestar os servizos de Mercado de Abastos con carácter de mínimos (artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo que, en exercicio da súa autonomía garantida constitucionalmente, establece o réxime xurídico do servizo tendo en conta as características da actividade e a súa propia capacidade de xestión (artigo 2.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril), facendo uso das potestades regulamentaria e de autoorganización atribuídas ó Concello no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, como Administración Pública Territorial, mediante a aprobación do Regulamento Municipal dos Servizos de Mercado de Abastos, tramitado de conformidade co procedemento establecido no artigo 49 da devandita Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1) O presente Regulamento municipal aplicarase ao edificio e instalación do Concello, situado na R/ Ponte Dena nº 8 (Dena), destinados a venda ó por menor de produtos alimenticios e derivados para o abastecemento público, que terán prioridade, así como a



explotación doutras actividades comerciais non relacionadas coas alimenticias (Plaza de abastos de Dena).

2) Tamén se aplicará este Regulamento ás concesións de postos, ós concesionarios, ós particulares usuarios do servizo e consumidores, á Administración municipal e, se é o caso, ó xestor indirecto do servizo.

Artigo 4. RÉXIME DE EXPLOTACIÓN.

1) As instalacións do Mercado municipal e a prestación do servizo nas mesmas, adaptaranse ás determinacións deste Regulamento e á normativa sectorial, estatal e autonómica, sobre comercio, de obrigatoria observancia, en concreto a Lei 7/96, sobre Ordenación de Comercio minorista, a Lei de 20 de xullo de 1998 de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, e a regulación específica en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas.

2) As concesións de postos de venda nos mercados municipais axustaranse ás disposicións deste Regulamento, e ó Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e ó disposto no título III do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, en canto non se opoña ó Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e ó seu Regulamento xeral.

3) As relacións comerciais entre os concesionarios de postos de venda e os consumidores e usuarios do servizo rexeranse exclusivamente pola Lei 26/1984, de 19 de xullo, xeral para a defensa dos Consumidores e Usuarios e demais normas de Dereito privado.

Artigo 5. MODALIDADE DE XESTIÓN DO SERVIZO.

1) No mercado municipal prestarase o servizo de: limpeza e mantemento do edificio que asegure o bo funcionamento da actividade comercial nos postos de venda e no mercado.

2) Os servizos municipais de mercado de abastos xestionaranse de forma directa centralizada polo propio Concello, utilizando directamente ó persoal propio baixo a dirección do Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue e con cargo ós créditos orzamentarios ordinarios.

3) Sen prexuízo da xestión directa do servizo pola Administración municipal establecida neste Regulamento, o Pleno da Corporación poderá acordar en calquera momento, e seguindo o procedemento regulamentario, que os servizos de mercados se presten en calquera outra modalidade de xestión prevista na lexislación vixente, ben sexa xestión directa (art. 85.3 da Lei 7/1985), indirecta (art. 85.4 da Lei 7/85 en relación co artigo 156 do Texto Refundido da Lei de Contratación das Administracións Públicas), consorcio (art. 87 da Lei 7/1985) ou por unha Agrupación ou Asociación de interese económico integrada pola totalidade dos concesionarios de postos do Mercado.

Artigo 6.—CONCESIÓN DE POSTOS.

A ocupación en concreto de cada posto de venda require dunha previa concesión administrativa demanial outorgada segundo o establecido neste Regulamento e no artigo 78 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, na medida en que se adapten á lexislación contractual administrativa de carácter básico.



Artigo 7.—LIBERDADE DE CONCORRENCIA.

A prestación de servizos no mercado municipal de abastos non exclúe a posibilidade de que os particulares tamén poidan realizar idénticas actividades comerciais ou prestacionais en concorrencia cos servizos dos mercados municipais.

CAPÍTULO II. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DOS MERCADOS

Artigo 8.—EDIFICIO AFECTO AO SERVIZO DE MERCADOS.

1) Continúan afecto ao Servizo de Mercado de Abastos o edificio e instalacións, propiedade do Concello, situado na R/ Ponte Dena nº 8 (Dena).

2) A ampliación ou reforma do actual mercado municipal será asumida directamente polo Concello.

Artigo 9. POSTOS DE VENDA

1) Tódolos postos de venda do mercado municipal estarán numerados con especificación do seu destino ou actividade autorizada.

2) Os postos ou bancadas non poderán destinarse ó exercicio e explotación de actividades comerciais distintas de aquelas para as que foron autorizadas. Nembargantes a Administración Municipal facilitará cambios de actividade comercial naqueles postos existentes cando a nova actividade estea pouco representada no mercado, sexa demandada polos consumidores e usuarios, e a mesma resulte compatible coa actividade dos postos próximos.

3) Os concesionarios de postos ou bancadas terán nun lugar visible unha ficha da concesión do posto na que conste, polo menos: o número do posto e nome do concesionario e a actividade comercial autorizada no posto.

4) As autorizacións de cambio de actividade requirirán da autorización municipal.

Artigo 10. ESPACIOS PARA VENDA DIRECTA DE PRODUCTOS.

1) Poderá reservarse un espazo para a venda directa do produtor ó consumidor ou para outras actividades que a autoridade municipal considere de interese para o bo funcionamento dos Mercados.

2) As autorizacións para a utilización dun espazo para a venda directa do produtor ó consumidor serán persoais e intransferibles sendo a súa duración máxima de catro anos.

3) A ocupación destes postos, de venda directa polo produtor, será autorizada pola Alcaldía, previa solicitude dos interesados.

4) Os interesados na venda directa deberán presentar unha solicitude no Rexistro xeral do Concello na que constarán os seguintes datos:

a) Acreditación da condición de produtor (Alta no réxime especial agraria e no Imposto de Actividades Económicas, este último polo período de venda como mínimo).

b) Volume de produción do produtor solicitante.

c) Características dos medios de produción.

d) Variedade dos produtos ofrecidos para a venda directa.

e) Prazo para o que se solicita a autorización.

Artigo 11. CONTENEDORES DE DESPERDICIOS.



1) O Concello situará contenedores xerais para o depósito de mercancías en cada mercado en zonas especialmente habilitadas para esta finalidade.

2) Os concesionarios deberán verter, en bolsas pechadas, os desperdicios procedentes dos seus postos de venda nos contenedores xerais, utilizando contenedores particulares, caldeiros ou outro medio axeitado.

3) Os concesionarios de cada posto deberán procurar efectuar o vertido no contenedor xeral en horario de menos afluencia de público ao mercado.

CAPÍTULO III. INSPECCIÓN SANITARIA

Artigo 12. COMPETENCIAS.

1) A inspección sanitaria dos mercados municipais de abastos corresponde á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e exercerase polos veterinarios que aquela adscriba ó Servicio de Inspección do Mercado Municipal, sen prexuízo das competencias propias da Consellería de Pesca en relación co pescado fresco.

2) O Administrador de mercados ten a obriga de prestar a colaboración necesaria, pondo en coñecemento da inspección sanitaria as deficiencias de orde hixiénico-sanitario que se produzan.

Artigo 13. FUNCIONES.

1) Correspóndenlle á Inspección Sanitaria cantas comprobacións, exames e demais actuacións sexan necesarias para comprobar o axeitado estado hixiénico-sanitario dos produtos que se venderán no mercado municipal de conformidade coa súa propia normativa aplicable neste eido.

2) Os Veterinarios inspectores advertirán ao Concello das posibles deficiencias na limpeza do mercado, na desinfección, desinsectación e desratización das súas dependencias.

3) A inspección veterinaria adoptará ou, se é o caso, propondrá cantas medidas estime de interese para garantir ós consumidores e usuarios das dependencias do mercado a seguridade sanitaria dos produtos alimenticios.

4) Os titulares dos postos e os seus colaboradores deberán estar en posesión do correspondente carné de manipulador de alimentos, que lles poderá ser requirido pola inspección sanitaria e pola Administración do Mercado.

CAPÍTULO IV POSTOS DE VENDA

Artigo 14. DESTINO E CONDICIÓNS.

1) Os postos ou bancadas do mercado municipal non poderán ser destinados ao exercicio e explotación de actividades distintas daquela para a que foron autorizados.

2) As mercancías e produtos permanecerán no recinto de cada posto e a súa venda e despacho efectuarase necesariamente no mesmo non podendo depositala fóra da superficie asignada ou de invadir superficies comúns ou doutros postos, nin modificar a delimitación física de cada posto.

3) Os mostradores e expositores deberan manterse en perfecto estado de limpeza e pulcritude.

4) Cada posto disporá dun caldeiro ou recipiente no que se verterán en bolsas pechadas os desperdicios propios do posto, e manterase tapado.



Ó remate de cada xornada baleirase no contenedor xeral, lavarase e desinfectarase no caso dos carniceiros.

Artigo 15. REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS POSTOS.

1) Os concesionarios de postos poderán executar pola súa conta, previa autorización do Concello, as obras necesarias por razón de hixiene ou decoro ou para o axitado funcionamento do seu negocio sempre que non modifiquen a disposición actual dos postos nin alteren a estética predominante do mercado.

2) Cando as obras realizadas polos concesionarios queden unidas de modo permanente ó piso, paredes e demais elementos integrantes do mercado pasarán a ser propiedade do Concello sen que os concesionarios teñan dereito a indemnización ninguna á finalización do prazo da concesión. Entenderase que as obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non se poidan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto ou deterioro deste.

3) O mobiliario, maquinaria, instalación e utillaxe a utilizar nos postos correrán a cargo dos concesionarios.

CAPÍTULO V CONCESIÓNS DE POSTOS

Artigo 16. NATUREZA XURÍDICA DAS CONCESIÓNS.

A utilización privativa dos postos de venda nos mercados municipais de abastos precisa dun título habilitante por parte da Administración municipal que terá a consideración de concesión administrativa demanial.

Artigo 17. TITULARES DAS CONCESIÓNS.

1) Só poderán ser titulares das concesións de postos as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española ou dalgún dos países da Comunidade Económica Europea con plena capacidade xurídica e solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

2) Os postos non poderán ser adxudicados conxuntamente a dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas e tampouco poderán ser titulares de postos as persoas físicas ou xurídicas comprendidas nalgún dos casos de prohibición de contratar establecidos na normativa sobre contratos das Administracións Públicas.

Esta disposición non afectará ós dereitos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento.

Artigo 18. DURACIÓN DAS CONCESIÓNS.

1) A duración das concesións para a utilización privativa dos postos de venda no Mercado municipal fixase en 25 anos sen que poida superarse este prazo mediante prórroga de ningún tipo, subrogación ou transmisión do dereito de uso e disfrute.

2) Non obstante, os actuais concesionarios de postos de venda que veñen usando e disfrutando os postos e bancadas cunha autorización provisional, poderán optar por unha concesión administrativa dos mesmos por un período de 25 anos, para o que deberán estar ao corrente do pago das correspondentes taxas e demais obrigas tributarias co Concello.



Artigo 19. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN DAS CONCESIÓNS.

1) A adjudicación das concesións para o uso e disfrute dos postos de venda no mercado municipal axustarase ó procedemento establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e ó Regulamento de Servicios das Corporacións Locais no que resulte compatible coa citada Lei, respectando os dereitos recoñecidos neste Regulamento ós actuais adjudicatarios provisionais.

2) Se celebrado un procedemento aberto ou restrinxido, quedasen sen adjudicar postos por non presentarse ningunha oferta ou candidatura, ou as ofertas non sexan adecuadas, estes poderán ser adjudicados mediante procedemento negociado conforme a lexislación básica en materia de contratación administrativa.

3) A Xunta de Goberno Local poderá outorgar autorizacións provisionais de carácter revocable por períodos dun ano, prorrogables mediante resolución expresa, ata un máximo de cinco anos mentres non se anuncia e resolve o procedemento de licitación para a súa adjudicación mediante procedemento licitatorio.

4) Os actuais concesionarios de postos que usan e disfrutan de postos e bancadas no mercado amparados nunha concesión provisional terán dereito a transformala nunha concesión administrativa demanial con duración de 25 anos, dende a entrada en vigor do presente regulamento.

Artigo 20. TRANSMISIBILIDADE DAS CONCESIÓNS.

1) Os titulares de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial ou os actuais concesionarios provisionais, que houberan optado pola transformación do seu dereito nunha concesión administrativa demanial de 25 anos ao amparo deste Regulamento, poderán transferir libremente aos fillos e conxuges o seu uso e disfrute polo período que reste da concesión, previa autorización da Administración municipal e pago das taxas procedentes, sempre que o cedente acredite ter explotado o posto de venda, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión, e que o adquirente reúna as condicións esixidas neste Regulamento.

2) Os usuarios de postos de venda, con autorizacións ou concesións provisionais, non poderán transmitir, por actos inter vivos nin mortis causa, o uso e disfrute dos postos sendo nulo calqueira acto neste senso, quedando automaticamente extinguida a concesión polo falecemento ou declaración da ausencia do seu titular provisional, a disolución da sociedade concesionaria, a perda das condicións que foran esixidas para a concesión, ou calqueira outra causa bastante para a anulación ou revocación da concesión provisional.

Artigo 21. CAUSAS DA EXTINCIÓN DAS CONCESIÓNS.

1) Sen prexuízo do establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e noutras disposicións deste Regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, que determinarán a extinción das mesmas, as seguintes:

- a) A finalización do prazo orixinario da concesión.
- b) A renuncia do concesionario.
- c) O rescate da concesión pola administración municipal por razóns de interese público sobrevidas.
- d) O mutuo acordo entre a Administración municipal e o concesionario.
- e) O falecemento ou declaración de ausencia dos titulares de concesións provisionais.



- g) A disolución da sociedade titular de concesións provisional.
- h) A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas ou cinco alternas no período dun ano.
- i) Ter sido sancionado o concesionario, mediante resolución firme, por infracción moi grave en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.
- j) Pérdida das condicións esixidas ó titular para a adxudicación da concesión.
- k) A imposibilidade de explotación do servizo como consecuencia de medidas adoptadas pola administración municipal con posterioridade.
- l) O incumprimento de obrigacións esenciais do concesionario, tipificadas neste Regulamento como infracción moi grave.
- ll) A non ocupación e explotación do posto de venda permanecendo pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano.

2) En casos de imposibilidade transitoria do concesionario para o exercicio da actividade propia do posto, principalmente por causa de enfermidade ou similares, debidamente xustificadas, a administración municipal poderá permitir o peche do posto a petición do titular cando non exista persoa dependente do concesionario que poida atender a súa explotación. Esta autorización deberá solicitarse cando o peche supere os 15 días, e non exceda de tres meses, podendo prorrogarse o peche ata 6 meses en supostos excepcionais debidamente xustificadas.

3) Para a resolución das concesións de postos de venda deberá tramitarse un procedemento previo, concedendo audiencia ós titulares das mesmas por un período de 15 días hábiles.

4) A extinción da concesión, mediante resolución motivada, non determina que o seu titular teña dereito a indemnización ningunha, excepto no suposto enumerado na letra c)(rescate), descrito no apartado 1 deste artigo.

5) Cando se extingue a concesión, calquera que fose a causa, os titulares deberán de abandonar e deixar libres e vacíos os postos e, de non facelo no prazo de quince días, a administración municipal acordará executar por sí o desafuzamento en vía administrativa.

CAPÍTULO VI NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NO MERCADO.

Artigo 22. PROHIBICIÓNS.

Con carácter xeral establécense as seguintes normas para o desenvolvemento da actividade comercial no mercado municipal:

1) Non se poden expender as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles corresponde.

2) Non se poderán utilizar recipientes ou medios de transporte que ocasionen deterioro ó pavimento do recinto.

3) Non se poderán utilizar papeis, periódicos, impresos, etc., para envolver os produtos. Non terá condición de papel impreso o que leve consignado o nome, enderezo do vendedor sobre unha cara que non vaia a estar en contacto co alimento sempre que estea autorizado pola inspección sanitaria.

4) Non se deben expor os produtos que regulamentariamente precisen de conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados en cada caso.



5) Non se pode tirar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia de público.

6) Non se poden almacenar produtos insalubres nin dispor de recipientes ou outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas.

CAPÍTULO VII. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS DE POSTOS

Artigo 23. DEREITOS.

1) Os titulares de postos de venda no mercado municipal, mediante concesión demanial definitiva, terán dereito ó seu uso e disfrute e á transmisión da concesión por actos inter vivos ou mortis causa, utilizando os bens de servizo público para o desenvolvemento das súas actividades.

2) Os concesionarios con autorización provisional só terán dereito ó uso e disfrute do seu posto pero non á súa transmisión a favor de terceiros por actos inter vivos nin mortis causa.

Artigo 24. OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS.

Os concesionarios de postos de venda no mercado municipal terán as seguintes obrigas:

1) Satisfacer a contía das taxas ou dereitos pola utilización dos postos na forma e prazos de ingreso establecidos na respectiva ordenanza fiscal.

2) Manter en perfecto estado de limpeza e aseo o propio posto e os útiles necesarios para o desenvolvemento da actividade.

3) Exercer a actividade comercial con carácter permanente abrindo e pechando o posto segundo o horario establecido para o mercado.

4) Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada.

5) Recoller, nos recipientes propios establecidos, os desperdicios e obxectos inservibles que resulten das súas operacións e depositalos nos lugares e nas horas indicados para elo.

6) Ter á disposición dos compradores a totalidade das existencias á venda con indicación do seu prezo e calidade.

7) Dispor dos instrumentos de pesar e medir necesarios, que deberán axustarse ós modelos oficialmente homologados.

8) Cumprir a normativa que sexa de aplicación en materia de sanidade, alimentación, abastos, comercio, policía, fiscal, laboral e mercantil.

9) Estar en posesión do correspondente documento de identificación, e, no seu caso, do carné de manipulador de alimentos.

10) Non executar obras nin colocar rótulos sen a preceptiva autorización municipal.

11) Absterse de colocar xéneros, mostras e outros obxectos no chan, nas fachadas ou na cuberta dos postos.

12) Non estacionarse fóra dos postos, non vocear a natureza ou prezo da mercancía.

13) Gardar en todo momento absoluta corrección co público e co persoal municipal adscrito ao servizo.

14) Estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello, contar carné de manipulador de alimentos, alta no imposto de actividades económicas e alta na Seguridade Social, así como cumprir cantas outras obrigas resulten deste Regulamento e demais disposicións de obrigado cumprimento en materia de sanidade, alimentación, comercio e policía.



CAPÍTULO VIII OBRIGAS E POTESTADES DO CONCELLO

Artigo 25. OBRIGAS.

O Concello de Meaño, como xestor directo do servizo de mercados de abastos, terá as seguintes obrigas:

- 1) Velar polo coidado, limpeza, conservación e mantemento do mercado.
- 2) Ocuparse da apertura e axeitado funcionamento segundo o establecido neste regulamento.
- 3) Levar un rexistro axeitado das concesións outorgadas, no que, polo menos, constarán a data de concesión, o nome do seu titular, o prazo da concesión, a actividade do posto, e as subrogacións e as transmisións.
- 4) Presta-los servizos no mercado con continuidade.

Artigo 26. POTESTADES DO CONCELLO.

1) A Administración municipal ostenta os poderes de policía necesarios para asegurar o correcto funcionamento dos servizos dos mercados municipais, tales como:

- a) Esixir a observancia das normas relativas ó desenvolvemento do servizo por parte dos concesionarios dos postos e dos consumidores e usuarios adoptando as medidas procedentes.
- b) Impoñer as sancións pola comisión de infraccións de conformidade co establecido neste regulamento e normativa específica aplicable.
- c) Esixir o pagamento das taxas e demais ingresos de dereito público ós concesionarios dos postos de venda, de conformidade coa respectiva ordenanza fiscal.
- d) Ordear e executar o desaloxo dos postos que deban quedar libres e vacantes en aplicación dos disposto neste regulamento.

2) As precedentes medidas poderán facerse efectivas polo Concello a través dos medios previstos na Lei 30/92 para a executoriedade dos actos administrativos e no Real decreto 1372/1986, para a protección e defensa dos bens das entidades locais, incluíndo a vía de constrinximento e o desafiuzamento administrativo.

CAPÍTULO XI RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 27. INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS.

- 1) Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as disposicións contidas neste Regulamento, e que se atopen tipificadas como tales no mesmo.
- 2) As infraccións poden ser leves, graves e moi graves.
- 3) Os concesionarios dos postos de venda do Mercado serán responsables por si mesmos das faltas que cometan contra as disposicións deste Regulamento e demais normativa de obrigada aplicación en materia sanitaria e de alimentación, tanto polo incumprimento das súas obrigas fronte a administración municipal, a Administración Autonómica ou respecto de terceiros ou consumidores e usuarios.

Artigo 28.—FALTAS LEVES.

Clasifícanse como faltas leves as seguintes:



- 1) Incumprir as normas de aseo persoal por parte dos concesionarios ou dos seus colaboradores.
- 2) A omisión da necesaria limpeza nos postos e bancadas do mercado así como nas zonas comúns.
- 3) A falta de decoro e de respecto ante os clientes e outros usuarios.
- 4) A utilización de zonas comúns ou adxacentes do mercado con mercancías propias ou desperdicios, lixo ou residuos.
- 5) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, instalacións e postos cando o seu valor sexa inferior a 2.000 euros.
- 6) A incorrección e violencia verbal co público e persoal da administración.
- 7) Todas aquelas infraccións do presente Regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

Artigo 29. FALTAS GRAVES.

Constitúen faltas graves:

- 1) A comisión de tres faltas leves no período de 12 meses sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.
- 2) Promover altercados que afecten ó bo orden do mercado.
- 3) Non atender ós requirimentos do Concello.
- 4) As defraudacións na cantidade ou na calidade dos produtos vendidos.
- 5) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, instalacións e postos por valor superior a 2.000 euros e inferior a 6.000 euros.
- 6) As infraccións da regulamentación sanitaria que só impliquen descoido ou negligencia.

Artigo 30.—FALTAS MOI GRAVES.

Constitúen faltas moi graves:

- 1) A comisión de tres faltas graves no período de 12 meses sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.
- 2) A modificación da estrutura dos postos de venda sen autorización municipal.
- 3) A cesión non autorizada da concesión do posto.
- 4) Destinar o posto de venda a actividade comercial diferente da autorizada na concesión.
- 5) Ocasionar danos ó edificio, instalacións e postos por valor superior a 6.000 euros.
- 6) Incumprimento da normativa hixiénica-sanitaria, alimenticia que supoñan perigo para a saúde pública.
- 7) Non estar atendido o posto polo concesionario ou persoal asalariado polo mesmo.

Artigo 31. SANCIÓNES.

1) As faltas tipificadas neste Regulamento sancionaranse coa imposición de multas na contía que se especifica neste artigo sen prexuízo da indemnización esixible polos danos causados ó Concello.

2) As faltas leves sancionaranse con apercibimento ou multa entre 30 e 100 euros, as graves con multa desde 101 a 300 euros, ou suspensión da actividade do posto ata 15 días, as moi graves con multa entre 300 e 900 euros ou coa suspensión da venda no posto ata 30 días ou rescisión da concesión do posto.



3) As infraccións tipificadas na normativa estatal ou autonómica por vulneración das disposicións con rango de lei en materia sanitaria, de alimentación e de comercio serán sancionados na contía que estableza a normativa específica cando esta atribución corresponda ó Alcalde.

Artigo 32. PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

1) As faltas tipificadas neste Regulamento e que teñan a consideración de incumprimentos contractuais para a súa sanción non precisan da tramitación dun procedemento sancionador sendo bastante para resolver a denuncia da infracción, a incoación do procedemento e a audiencia previa ó concesionario.

2) A imposición de sancións polos restantes motivos esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionado que deberá acomodarse ó regulado no Real Decreto 1398/1993 polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. Estes expedientes instruiranse por un concelleiro ou funcionario e resolveranse polo Alcalde.

3) A rescisión da concesión por incumprimentos contractuais contidos no título da concesión, será acordado pola Alcaldía con audiencia do concesionario do posto. 4) Cando deba procederse ó desaloxo dun posto por rescisión da concesión outorgarase ó usuario un prazo de 10 días para que poida retirar as mercancías e enseres da súa propiedade. Se o concesionario non o realizase neste prazo, farao o Concello a costa do usuario, sen que teña dereito a ningunha indemnización polos deterioros que sufran no traslado ou no período en que estivesen depositados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- HORARIO E APERTURADO MERCADO.

a) O horario de apertura e peche do Mercado será de 8:00 a 15:00 horas de lúns a venres e 8:00 a 15:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas os sábados.

b) O mercado permanecerá aberto tódolos días, agás os domingos e festivos. Tamén poderá abrir os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais pola Comunidade Autónoma de Galicia para apertura de establecementos comerciais.

c) Durante as horas de venda ó publico non procurar non transportar mercadorías en carretillas polos corredores, ocupalos con envases ou outros obxectos ou estacionarse os concesionarios e dependentes de forma que impidan ou dificulten o tránsito público.

d) O Concello poderá autorizar a entrada dos titulares no mercado fóra das horas de venda para o despece de canles, preparación e retirada de xénero e acondicionamento do posto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS PRIMEIRA.—RECOÑECIMENTO DE DEREITOS ADQUIRIDOS.

O Concello de Meaño, a través deste regulamento, reconece expresamente ós actuais concesionarios provisionais de venda no praza de abastos de Dena, o dereito a poder optar pola transformación da súa titularidade provisional por unha concesión administrativa cunha duración de 25 anos nos termos establecidos neste regulamento, tendo en conta a antigüidade dos seus usuarios, que a súa explotación continuada converteuse no medio indispensable para a sustentación das familias dos usuarios provisionais e que o exercicio destas actividades comerciais contribuíron a subsistencia da actividade deste mercado.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



SEGUNDA.—CONDICIÓN PARA O EXERCICIO DA OPCIÓN DE TRANSFORMACIÓN DAS ACTUAIS CONCESIÓN PROVISIONAIS.

1) As solicitudes para transformar unha autorización provisional en concesión administrativa deberán presentarse no Rexistro Xeral dentro do prazo de 3 meses contados a partir da entrada en vigor deste regulamento, debendo aportar:

- Carnet de manipulador de alimentos, para as actividades relacionadas coa alimentación,
- Alta no IAE
- Acreditación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello e ao corrente do pago da taxa polo servizo de mercados.
- Alta na Seguridade Social.

2) As novas concesións, efectuadas por transformación das autorizacións provisionais, terán unha duración de 25 anos, e os seus titulares terán os deberes e dereitos recoñecidos neste regulamento ós titulares das concesións, entre eles, o de transmisión inter vivos e mortis causa.

3) Os concesionarios provisionais actuais que non optasen pola transformación, poderán continuar usando e disfrutando os postos, con carácter provisional, en tanto non se adxudiquen de forma definitiva, previa solicitude a presentar no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de 3 meses contados a partir da entrada en vigor deste regulamento, seguindo os trámites establecidos neste regulamento. En ningún caso poderán transmitir o seu dereito, amparado na concesión provisional, por actos inter vivos e mortis causa.

4) Nembargantes o anterior, producida a extinción dunha concesión provisional por falecemento do seu titular provisional (concesión provisional non transformada en definitiva por non exercicio da opción recoñecida neste Regulamento), os herdeiros forzosos do falecido poderán continuar na explotación dos postos ou bancada, previa autorización municipal, ata tanto o Concello non proceda a adxudicación definitiva da concesión mediante procedemento aberto ou negociado, o que deberá efectuarse polo Concello no prazo máximo de catro anos, tendo en conta o número de concesionarios provisionais existentes en cada momento.

DISPOSICIÓN FINAL VIXENCIA.—Este Regulamento aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia sempre e cando transcurra o prazo sinalado, no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do artigo 70.2 da devandita Lei.



Meaño, 26 de novembro de 2009

O Alcalde

Asdo. Jorge Domínguez Rosal

Diligencia: Poñoa eu a Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño para facer constar que o presente Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Dena, foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 14-12-2009.



Meaño, 15 de febreiro de 2010

Asdo. M^a Teresa Escudero Barral